

Resolución do 29 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral de Educación y Formación Profesional, pola que se convocan probas libres de títulos extinguidos dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

CONTIDO E ESTRUTURA DAS PROBAS LIBRES

1. Identificación da programación

PCentro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027691	IES de Porto do Son	Porto do Son	2020/2021

Ciclo formativo

Sistema educativo:	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
LOXSE	Actividades físicas e deportivas	M02001	Condución de actividades físico-deportivas no medio natural	Medio	Libre

Módulo profesional

Código MP	Nome	Horas
CM0033	Dinámica de grupos	55 horas

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Analizar los factores psico-sociolóxicos que poden influír na condución de Actividades Físico-Deportivas.
- Explicar a influencia de determinados factores da sociedade actual e a súa relación coas actividades de ocio, turismo e físico-deportivas e a dinámica de grupos.
- Identificar signos e actitudes de emoción intensa e de situacións de crise, propondo estratexias de actuación para potencialas ou reconducilas.
- Caracterizar e analizar os papeis, funcións, tarefas e calidades que se requiren do conductor nos encontros de grupo.
- Analizar a dinámica interna dos grupos, relacionando os diferentes roles coas súas funcións e tarefas e especificando o papel do conductor en cada tipo de grupo.
- Caracterizar e aplicar distintos procedemento e/ou técnicas de animación de grupos.
- Xustificar e valorar a importancia dunha actitude empática e tolerante no animador e descubrir os comportamentos que a caracterizan.
- Identificar, utilizar e seleccionar diversas técnicas de comunicación adecuadas ó contexto situacional.
- Xustificar as distintas estratexias empregadas para conseguir unha boa comunicación.
- Describir os elementos e o funcionamento do proceso de comunicación no seo do seu grupo.
- Identificar as interferencias que dificultan a comprensión da mensaxe indicando as medidas correctoras delas.
- Seleccionar e empregar aqueles recursos audiovisuais e gráficos para transmitir información complementaria á actividade.
- Seleccionar e empregar técnicas de comunicación verbal ou xestual adecuadas ó contexto situacional.

2. PROCEDEMENTO

A proba constará de 2 partes: unha teórica e outra de aplicación teórico-práctica.

a) Primeira parte da proba: Consistirá nunha proba escrita de 30 preguntas tipo test, de resposta única. Versará sobre una mostra suficientemente significativa dos contidos do currículo aos que se aplicarán os criterios de avaliación establecidos.

b) Segunda parte da proba: A parte de aplicación teórico-práctica consistirá na resolución por escrito dun suposto práctico nos que haberá que resolver diferentes situacións relacionadas coas dinámicas grupais.

3. CRITERIOS XERAIS DE CORRECCIÓN

Observaranse fundamentalmente os seguintes aspectos:

Primeira parte da proba: Nas preguntas tipo test restará a resposta incorrecta cunha proporción 1/4.

Segunda parte da proba: Na pregunta do suposto práctico, ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

Aspectos específicos de cualificación.

As preguntas tipo test terán unha valoración de 0,20 puntos, descontando 0,05 cada resposta errada, tendo un valor total de 6 puntos, e o suposto práctico terá unha valoración de 4 puntos.

4. CRITERIOS XERAIS DE CUALIFICACIÓN

A proba terá unha valoración total de 10 puntos. Para superar a proba, será necesario obter unha valoración positiva en cada un dos citados apartados de que consta (3 puntos no caso das preguntas test e 2 puntos no caso do suposto práctico), así como obter unha valoración total de 5 puntos.

5. INSTRUMENTOS NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO.

Bolígrafo de tinta azul ou negra. Queda terminantemente prohibido o emprego de teléfonos móbiles, reloxos intelixentes ou calquera dispositivo electrónico de comunicacións, que deberán estar totalmente apagados e nunca visibles.